

Acta núm. 25/2020.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 18 de agosto de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebal Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 13,30 horas do 18 de agosto de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretaria Ana Sánchez Fontáns secretaria accidental do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 24/2020, DO 12.08.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA.
- 4º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 24/2020, DO 12.08.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 12.08.2020, acta núm. 24/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RODRÍGUEZ GÓMEZ, na que comunica que vai que reparar a cuberta dun curro e dun alpendre, sitios en Vioxo de Arriba, nº 13, de aproximadamente 315 m²., substituíndo as pranchas de fibrocemento en mal estado por pranchas de fibrocemento novas, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 1141702NH2414S0001DQ) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1), e sitúase dentro da aldea de Vioxo de abaixo, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como LE2 e, en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 115,70 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 180,27 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUÁN MANUEL LEMOS CRISMAN, na que comunica que vai realizar obras de reparación dun muro de pedra en Reboredo Grande nº 4 – Bastavales, limpando e repoñendo a pedra en mal estado.

O muro atopase en situación de non plenamente compatible coas determinacións do planeamento, e trátase de obras de conservación que non consolidan nin modifican a altura do peche.

A parcela (referencia catastral nº 6423904NH2462S0001BP) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Non se modificará a altura actual do muro.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 57,00 euros.

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 121,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL ARUFE RIVAS, na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita en Rubial nº 3 – Bastavales; o peche linda coa vía pública e terá unha lonxitude aproximada 9 metros lineais e farase con estacas e arame.

A parcela na que se van a executar as obras (referencia catastral nº 5410702NH2451S0001MS), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche situarase mínimo a 4 metros do eixo do vial.
- A altura total do peche será máximo de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 0,77 euros.

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 65,37 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da C.P. ED. DEVESA DA GÁNDARA 1B, na que comunica que vai reparar a fachada de pedra do edificio de vivendas, sito na rúa Inxerido nº 1 – Brión, substituíndo as pedras e os ancoraxes en mal estado por pedra e ancoraxes novos, para garantir as condicións de estanquidade e illamento do mesmo.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6349333NH2465S0001IG), na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 4 do PXOM (UNC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 64,26 euros.

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 128,83 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da C.P. EDIFICIO BARLOGAR II, na que comunica que vai reparar e limpar os canalóns do edificio de vivendas sito na Avd. dos Ánxeles nº 43 – Os Ánxeles.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6546504NH2464N000), na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 19,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 83,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN JORGE NOGUEIRA VIEITO, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita en Tembra nº 2 – Boullón, limpando e substituíndo a tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se empraza a edificación na que se van executar as obras, (referencia catastral nº 4347801NH2444N0001GT), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 32,72 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 97,29 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Dolores Sánchez Santos, que di actuar en representación da CDAD. PROP. URBANIZACIÓN MONTE BALADO, BLOQUES 15, 16 e 17, na que comunica que vai limpar, impermeabilizar e reparar as terrazas de algunhas vivendas e as cubertas, substituíndo as tellas en mal estado por tella nova, para garantir as condicións de illamento e estanquidade das mesmas.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6550705NH2465S0014ZW), na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 261,50 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 326,07 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MANUEL VIDAL VÁZQUEZ, na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita en Tembra nº 65 – Boullón; o peche linda en parte coa vía pública e terá unha lonxitude aproximada de 170 metros lineais e construírse con bloques de formigón ata unha altura de 60 cm. e arame por enriba.

A parcela na que se van a executar as obras (referencia catastral nº5410702NH2451S0001MS), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O muro de formigón estará convenientemente revestido e pintado.
- A altura máxima do peche será de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.
- O muro situarase mínimo a 4 m. do eixo do vial, segundo documento de cesión asinado o 17.09.2014.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 125,09 euros.

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 189,66 euros.

TERCEIRO.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por FELIPE LÓPEZ CERQUEIRO, na que solicita prórroga do prazo de remate dun movemento de terras na parcelas con referencias catastrais nº 15013B503002840000MK, 15013B503002830000MO, 15013B503013590000MZ e nº 15013B503002820000MM.

Con data 13.08.2019 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento e autorizou a Felipe López Cerqueiro o movemento de terras de 30 cm. de alto.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD. DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde o paso aéreo a subterráneo proxectado no apoio existente de tipo HV-250-8, ata a ubicación da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 89 metros, segundo proxecto asinado polo graduado en enxeñería eléctrica Rubén Fervenza Nicolás, visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 05/06/2020, visado nº 22000640.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº7307502NH2470N0001EK), está clasificada como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e nela estase a rehabilitar unha vivenda unifamiliar que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local na data 10.12.2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 1.356,53 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.



2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 211,31 euros.
- . Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 275,88 euros.

QUINTO .- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretaria, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

A Secretaria accidental.

José Luis García García

Ana Sánchez Fóntans.